



Calendario do proceso de admisión das probas libres de títulos LOE de FP Convocatoria: curso 2022-2023

Calendario para a admisión para as probas libres segundo o establecido na Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	17 de abril ás 9:00 horas ata o 28 de abril ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	3 de maio
Reclamación contra a listaxe provisional	3 de maio ás 9:00 horas ata o 5 de maio ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	10 de maio

Admisión e matrícula	
Listaxe de persoas adxudicadas	10 de maio
Matriculación	10 de maio ás 9:00 horas ata o 19 de maio ás 13:00 horas
Liberados e adxudicación continuada	23 de maio ás 9:00 horas ata o 31 de maio ás 13:00 horas

NOTA: Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.

* Para acceder á normativa do proceso e todo tipo de información fágano no seguinte enderazo:

<http://www.edu.xunta.gal/fp/probas-libres-convocatoria-actual>

* Lugar de presentación de solicitudes (duas opcións)

a) A solicitude poderá realizarse mediante o asistente informático vía web (prema o enderezo) <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> Logo de realizada, a aplicación informática xera un impreso de solicitude.

- No caso de solicitantes xa autenticados no contorno "edu.xunta.es" que non teñan que achegar documentación, o sistema xera un impreso xa validado, co texto de que non é necesario entregalo nun centro educativo para a súa validación. A copia impresa conservarase como resguardo da realización da solicitude.

- En calquera outro caso, o sistema xera un impreso de solicitude que terá que ser entregado para a súa validación en calquera centro educativo de Galicia con oferta de ciclos de formación profesional sostida con fondos públicos. **Se este impreso non se entrega en prazo, a solicitude non terá carácter oficial e non se considerará realizada para os efectos da admisión.**

b) As solicitudes de inscrición para participar nas probas libres de formación profesional presentaranse na secretaría de calquera centro público en que se oferten probas libres para a obtención de títulos LOE, malia que non sexa o centro elixido en primeira opción.